



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR. CONVOCATORIA.

De conformidade co establecido na resolución conxunta do 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 08 de outubro), a **XUNTA ELECTORAL** deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 3 nais/pais, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior.
2. Son electoras/es todas as nais, pais ou, se é o caso, as titoras/es legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día 5 de novembro está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 15 de novembro, na secretaría do centro.
3. **Son elixibles as nais, país, ou, se é o caso, as titoras/es legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día 15 de novembro de 2021.**
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre as nais e pais que non se presenten como candidatas/os, o día 16 de novembro, ás 11:30 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do centro, que actuará como Presidenta, e catro nais, país ou titoras/es legais, actuando de secretaria/o o de menor idade.



5. A campaña electoral comprenderá dende o 19 ao 22 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición das candidatas/os, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro. O día 22 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisoras/os da votación as nais, pais ou titoras/os legais das alumnas/os matriculadas/os no centro que sexan propostas/os pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avaladas/os cando menos pola firma de 10 electoras/os.
7. As votacións realizaranse neste centro público o martes día 23 de novembro, de *16:00 horas a 17:30 horas*. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás *15:55 horas*.
8. Na papeleta de votación cada electora/o fará constar un máximo de 2 nomes das candidatas/os presentadas/os, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito ao voto a nai e o pai ou, se é o caso, o titora/o legal das alumnas/os.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do centro.
11. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vigo, 5 de novembro de 2021.

**A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL:**  
**SHEILA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ.**

Asdo.:

